


**PROXECTO EDUCATIVO DE
CENTRO
(PEC)**



CEIP GÁNDARA SOFÁN

CARBALLO



ÍNDICE

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	5
2.1 Extraescolar	5
2.1.1 Situación e estrutura demográfica.....	5
2.1.2 Vivenda e transporte.....	5
2.1.3 Nivel sociocultural	6
2.2 Intraescolar	6
2.2.1 Aspectos administrativos legais	6
2.2.2 Contorna física e recursos do centro	6
2.2.3 Recursos persoais.....	7
3. PRINCIPIOS EDUCATIVOS E VALORES QUE GUÍAN A CONVIVENCIA E SERVEN DE REFERENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DA AUTONOMÍA PEDAGÓXICA, ORGANIZATIVA E DE XESTIÓN DO CENTRO	9
3.1 Definición institucional.....	9
3.2 Definición específica.....	9
3.3 Principios Educativos	9
3.4 Estilo de formación	11
3.5 Modalidade de xestión.....	12
4. OFERTA DE ENSINO DO CENTRO, ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS Á SINGULARIDADE DO CENTRO E PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS QUE CONCRETAN OS CURRÍCULOS ESTABLECIDOS POLA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA.....	12
4.1 Ensinanzas e etapas educativas que se ofertan.....	12
4.2 Adecuación dos obxectivos xerais á singularidade do centro	12
4.3 Programacións didácticas	13
5. CRITERIOS E MEDIDAS PARA DAR RESPONSA Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO NO SEU CONXUNTO, ORIENTACIÓN E TITORÍA E PROGRAMAS INSTITUCIONAIS A DESENVOLVER NO CENTRO	14
5.1 Medidas de atención á diversidade, a orientación e a titoría.	14
6. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN CO RESTO DOS CENTROS DOCENTES E COS SERVIZOS E INSTITUCIÓN DA CONTORNA	15
7. COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA MELLORAR O RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO	16



8.	DEFINICIÓN DA XORNADA ESCOLAR DO CENTRO	17
9.	SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS	17
9.1	Servizo de Madrugadores	17
9.2	Servizo de comedor	18
9.3	Servizo de transporte	18
10.	PLAN DE AVALIACIÓN INTERNA DO CENTRO	21
11.	NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO E DAS AULAS	22
12.	MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO	22



1. INTRODUCCIÓN

O CEIP Gándara-Sofán é un centro escolar dependente da Consellería de Educación de Galicia, da Xunta de Galicia, e aspira a ser un centro de calidade educativa, aberto e accesible a todos, con metodoloxía activa e innovadora e un trato personalizado atento á diversidade, que valore o esforzo, e no que o alumno sexa o protagonista.

A finalidade é desenvolver todas as potencialidades dos alumn@s, as súas competencias físicas, intelectuais, sociais, emocionais, artísticas e musicais, compartindo coas familias e a sociedade a responsabilidade de educar, valorando o esforzo e o traballo para conseguir óptimos resultados.

O Proxecto Educativo de Centro do CEIP Gándara-Sofán en Carballo (A Coruña) é a resulta do traballo en equipo de todo o seu profesorado para adecuar a normativa vixente e as novas técnicas de ensinanza aprendizaxe á realidade do seu contexto sociocultural e que periodicamente é revisado e actualizado.

Os datos identificativos do centro son os seguintes:

Nome: CEIP Gándara- Sofán

Código do centro: 1523077.

Enderezo: Gándara s/n, 15108, Carballo.

Teléfono: 881880427. **Fax:** 881880428

Correo electrónico: ceip.gandara.sofan@edu.xunta.es

A normativa legal que regula o funcionamento do centro é:

- Constitución Española
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa.

Actual marco legal recollido no:



- D. 374/96 do 17 de Outubro.

- Na Orde do 22 de Xullo de 1997.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria
- Na análise do PEC anterior e os distintos documentos do centro.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Unha das necesidades do Proxecto Educativo é a de adaptarse á situación educativa para a que se elabora. Isto significa ter en conta e analizar as variables que poden influír no desenvolvemento da tarefa educativa. Esta análise debe ser dinámica, nunca debe darse por terminada, porque as variables poden cambiar ao longo do tempo.

No contexto educativo podemos distinguir dúas vertentes:

-  A extraescolar, que fai referencia a todos os elementos e variables do entorno da institución, o que se entende por comunidade educativa.
-  O entorno escolar propiamente dito.

2.1 Extraescolar

2.1.1 *Situación e estrutura demográfica*

O CEIP Gándara-Sofán está situado na parroquia de Sofán, no concello de Carballo, na comarca de Bergantiños, pertencente á provincia de A Coruña. Ten unha boa situación xeográfica porque ademais de ser unha comarca moi fértil, ten a cidade de A Coruña a 33 km. e a de Santiago de Compostela a 45 km. É unha zona rural con poboación espallada e ao centro acoden ademais dos nen@s de Sofán, alumnado pertencente ás parroquias aledañas de Artes e Berdillo.

2.1.2 *Vivenda e transporte*

A maior parte das vivendas son unifamiliares, xa que Sofán é entorno rural, aínda que está a 6 km. de Carballo, con 32.000 habitantes na actualidade, é unha parroquia grande que alberga arredor duns 2.000 habitantes, adicados na súa gran maioría ao sector terciario. Os alumn@s

móvense en transporte escolar polas distintas paradas das parroquias, contando o centro con cinco rutas de transporte para un total de 160 alumn@s. Para comunicarse co pobo teñen transporte regular de ruta.

2.1.3 Nivel sociocultural

A poboación humana que rodea ao Centro pódese considerar de clase media- baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor de clase media e alta, respectivamente. Moitas das familias proceden da emigración, sobre todo de Suíza. Poden verse familias novas que asentaron o seu domicilio nestas parroquias polo valor máis baixo da vivenda.

As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, administrativos, profesionais liberais, técnicos superiores e, en menor medida, funcionarios. Non se están a dar grandes movementos de poboación, sendo a mesma bastante estable. Así, a chegada de inmigrantes vaise producindo de forma escalonada mentres que esta aumenta considerablemente no Concello. Nestas parroquias existen asociacións de nais rurais.

2.2 Intraescolar

2.2.1 Aspectos administrativos legais

A titularidade deste centro escolar corresponde á Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, impartíndose no mesmo os niveis de Educación Infantil e Educación Primaria.

2.2.2 Contorna física e recursos do centro

O centro posúe un edificio, dentro do recinto escolar albergando nel as dúas etapas educativas de EI e EP, e reunindo as condicións adecuadas ás necesidades dos nen@s destas idades.

Na planta baixa atópanse un ximnasio, os despachos de secretaría e dirección, sala de Audición e Linguaxe, a biblioteca, o comedor escolar, cociñas, as aulas e baños de Infantil, un almacén, o cuarto de luces e a conserxería.

Na planta alta se atopan as aulas de Primaria, a aula de Inglés, aula de Música, salas de profesorado, orientación, sala ALFIN, a Sala de “Radio Patio”, onde se atopa un armario de seguridade con material informático; e por último, os baños de primaria.

O centro dispón ademais doutras dependencias: sala de medios audiovisuais, incluída na biblioteca, pavillón polideportivo, campo de fútbol, pistas de xogos exteriores, un areeiro, unha zona axardinada e zonas verdes, unha pista descuberta para a práctica de voleibol e demais xogos tradicionais, unha fonte, uns vestiario e un caseto da maquinaria do pozo.

A limpeza, calefacción, mantemento e conserxería corre a cargo do Concello da localidade. En canto aos recursos económicos, a financiación do centro depende das asignacións que recibe da Consellería de Educación da Xunta de Galicia segundo a normativa vixente sobre a Xestión Económica dos Centros Escolares de titularidade pública e sostidos con fondos públicos.

2.2.3 Recursos persoais

- **Profesorado**

O Claustro de Profesores do Centro está composto por profesores-titores de Educación Primaria en número de cinco, profesores-titores especialistas en Educación Infantil, en número de 3, e profesores especialistas de Inglés, en Educación Física, en Música (que asume a maiores unha titoría), unha profesora de Pedagogía Terapéutica (PT) e unha de Audición e Linguaxe (AL) compartida.

Ademais contamos cun Orientador compartido co CEIP Canosa-Rus, e unha profesora de Relixión Católica.

O profesorado conta cunha ampla experiencia en docencia, sendo na súa maioría con praza definitiva, e esa continuidade favorece a liña pedagóxica do Centro.

- **Alumnado**

Actualmente están matriculados un total de 160 alumnos repartidos en 9 niveis educativos e 9 aulas, das cales dúas están habilitadas; unha en primaria e outra en infantil, desde 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 6º de Educación Primaria.

O alumnado distribúese entre os diferentes niveis educativos: 34 alumnos de Educación Infantil y 124 de Educación Primaria.

A ratio profesor/alumnos está ao redor de 17 alumnos por cada unidade.

A maioría dos alumnos son nados e residentes en Carballo. Hai unha pequena porcentaxe de alumn@s cun dos proxenitores que veu do estranxeiro e acomodouse e formou familia en Sofán ou Carballo.

- **Nais e pais**

O grado de interese e de participación dos pais e nais dos alumn@s no proceso educativo dos seus fillos é moi alto e satisfactorio, tanto a nivel académico como nas actividades propostas polo Claustro de profesores, polo Consello Escolar ou pola ANPA do centro, destacando a colaboración desta última en toda a actividade docente do noso CEIP. É o noso obxectivo que isto siga a ser así posto que na nosa liña pedagóxica está contemplado que as relacións mantidas entre a comunidade escolar son esenciais para un bo funcionamento tanto académico como na formación integral do alumn@.

- **Persoal non docente**

En relación ao persoal non docente, o centro dispón dun conserxe contratado polo Concello de Carballo así como unha empresa de limpeza, concesionaria tamén municipal. Tamén hai coidadoras de comedor, dependentes do servizo de comedores da Consellería que están subrogadas a unha empresa de catering, contratada pola Xunta de Galicia. No horario extraescolar acoden monitores das actividades extraescolares, dependentes da ANPA.



3. PRINCIPIOS EDUCATIVOS E VALORES QUE GUÍAN A CONVIVENCIA E SERVEN DE REFERENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DA AUTONOMÍA PEDAGÓXICA, ORGANIZATIVA E DE XESTIÓN DO CENTRO

3.1 Definición institucional

O CEIP Gándara-Sofán en Carballo (A Coruña) é un centro público, aconfesional, pluralista e respectuoso con todas as tendencias relixiosas, culturais e ideolóxicas.

3.2 Definición específica

Nos definimos como un centro de ensinanza-aprendizaxe e unha comunidade de convivencia que, a través da súa práctica educativa e as súas interrelacións, se identifican cos principios educativos seguintes, que enmarcan todas as accións educativas do centro.

3.3 Principios Educativos

1. Buscar o éxito académico a través de:

- a.** Desenvolvemento dun currículo rico en información e coñecementos.
- b.** Fomento do esforzo persoal.
- c.** A adquisición de hábitos de traballo.
- d.** O desenvolvemento de educación emocional.
- e.** Fomento do gusto e a satisfacción polo traballo ben feito.
- f.** O desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade creativa.
- g.** Impulso da autonomía no alumno, na práctica dos idiomas e investigación a través do uso das novas tecnoloxías, así como o fomento das competencias STEM e científico-tecnolóxicas.

2. Lograr o desenvolvemento integral do alumn@.

Atendendo igualmente ós aspectos académicos e á Educación nos seguintes valores:

- a.** Educación nos principios democráticos, baseados sempre no respecto das ideas alleas e na expresión das propias.



- b. A educación no uso das novas tecnoloxías da información, informáticas e audiovisuais, como recursos didácticos e metodoloxía para a ensinanza.
- c. A educación para a igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- d. Introducción de contidos que fomenten valores colectivamente aceptados.
- e. Educación na cooperatividade e na toma de conciencia dos problemas sociais.
- f. Educación e promoción de medidas que fomenten a igualdade entre sexos.
- g. Educación para a paz, a interculturalidade e a solidariedade entre os pobos.
- h. Educación no respecto, coidado e defensa do Medio Ambiente.
- i. Educación no coñecemento, respecto e valoración da riqueza artística e cultural do noso entorno.
- j. Educación para a saúde, co desenvolvemento de costumes sas que conduzan ao benestar físico e mental, a través do traballo en proxectos específicos desta temática.
- k. Educación do consumidor a través dun espírito crítico e racional ante a sociedade de consumo.

3. **Educar para a Convivencia** a través de:

- a. A expresión e desenvolvemento de habilidades sociais.
- b. A promoción dunha educación personalizada que compense as desigualdades sociais ou persoais, a través da inclusión.
- c. O rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
- d. O dereito á diferenza e á integración.
- e. O rexeitamento aos comportamentos violentos, tanto físicos como psicolóxicos.
- f. O desenvolvemento dunha capacidade crítica no referente ós comportamentos individuais e sociais.
- g. Fomento dun uso adecuado das redes sociais por parte do alumnado.



4. Optimizar e potenciar os recursos materiais e persoais do centro:

- a. Establecemento de horarios para o máximo aproveitamento das instalacións e aulas comúns do centro.
- b. Actualización dos inventarios de materiais para uso do profesorado, alumnado e comunidade educativa.
- c. Establecemento de convenios de colaboración con outras entidades.
- d. Aproveitar ao máximo os recursos materiais e tecnolóxicos do centro, así como a súa revisión e actualización.
- e. Conseguir maiores dotacións de equipos informáticos e tecnolóxicos.
- f. Priorizar a atención á diversidade no establecemento dos horarios do centro.

3.4 Estilo de formación

A nosa comunidade educativa busca:

1. A aprendizaxe significativa que parta das experiencias previas do alumnado.
2. O desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe nun clima de respecto mutuo en canto ao profesorado, alumnado e o resto da comunidade educativa.
3. O traballo en equipo e coordinación do profesorado en proveito da acción educativa.
4. O fomento do respecto polo dereitos e deberes de todos os compoñentes da comunidade educativa e o exercicio da liberdade e a tolerancia dentro dos principios democráticos da convivencia.
5. O fomento das relacións interpersoais positivas baseadas no respecto e a tolerancia.
6. O desenvolvemento de medidas e actuacións de carácter preventivo como medio para educar na convivencia.
7. A concienciación de que nos educamos nun centro público, un ben común, e que como tal, debe lograrse un uso correcto e racional dos recursos e instalacións.
8. A estimulación e promoción do traballo por proxectos, en calquera etapa educativa, tendo en conta e relacionándoos sempre co entorno máis próximo.



3.5 Modalidade de xestión

- Fomento das relacións entre os distintos estamentos da comunidade educativa: familias, profesorado, alumnado e centro.
- Apertura a todo tipo de iniciativas e suxerencias de organismos, institucións e compoñentes da comunidade educativa, ANPA, Concello... a través do órgano colexiado correspondente e, que redunden nunha mellora educativa.
- A sensibilización entre as familias da importancia das titorías, procurando unha maior participación e apoio na labor dos mestres tutores.
- A promoción da participación da comunidade educativa na elaboración, control, cumprimento e avaliación das Normas de Convivencia do Centro e as do profesorado e alumnado na aula.
- Asesoramento e fomento de actividades propostas por entidades e organismos sociais ou institucionais que proporcionen formación e actualización.
- Colaboración cos IES da zona onde, maioritariamente, o alumnado do centro cursa a Educación Secundaria e tamén dos centros adscritos que teña o noso centro (CRA).

4. OFERTA DE ENSINO DO CENTRO, ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS Á SINGULARIDADE DO CENTRO E PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS QUE CONCRETAN OS CURRÍCULOS ESTABLECIDOS POLA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

4.1 Ensinanzas e etapas educativas que se ofertan

Os ensinamentos impartidos no centro son: 2º Ciclo de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e Educación Primaria (Primeiro, Segundo, Terceiro, Cuarto, Quinto e Sexto de Primaria).

4.2 Adecuación dos obxectivos xerais á singularidade do centro

Os obxectivos xerais detallados no apartado 3 deste documento (puntos 1, 2 e 3) concréntanse no desenvolvemento das competencias relativas á comunicación lingüística, matemática, coñecemento e interacción co medio físico, tratamento da información e

competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender, autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional.

A través das Programacións Didácticas elaboradas polo profesorado concréntanse e desenvolven os obxectivos anteriores, desde a perspectiva específica de cada un deles, para adecualos á singularidade do centro (Ver Programacións).

Ademais destas, teranse en conta as seguintes actuacións:

- Medidas de atención á diversidade dentro da aula e fóra, en casos moi específicos.
- Coordinación cos IES da zona.
- Implicación das familias no proceso ensino – aprendizaxe dos seus fillos e fillas (a través das reunións xerais, entrevistas con titores/ as e demais profesorado, circulares, mails, web do centro...).
- Período de adaptación para a transición e acollida do alumnado de nova escolarización 3 anos (Ver anexo do Período de Adaptación).
- Período de transición e acollida do alumnado de Educación Infantil.
- Acollida ao alumnado de escolarización extraordinaria e/ou con descoñecemento das Linguas Galega e Castelá (Ver “Plan de Acollida)
- Coordinación coas institucións locais, provinciais ou rexionais; concello, servizos sociais, centros educativos, asociacións culturais, comercio e industria...

4.3 Programacións didácticas

Cada profesor/a concreta, para cada curso, as programacións didácticas nas programacións de aula, adecuando os contidos ao alumnado de modo que resulten eficaces para a consecución dos obxectivos programados e para o desenvolvemento das competencias básicas. Procederáse, especialmente, ao desenvolvemento das competencias en todas as áreas, sen prexuízo do tratamento específico que reciban en cada área. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores deben traballarse en todas as áreas, independentemente do axuste que reciban en cada unha delas ao longo da etapa. Tendo en conta que a lectura constitúe un factor esencial para o desenvolvemento das competencias, na práctica docente dedicarase un tempo á mesma en Animación á Lectura en

todos os cursos da Educación Primaria. Igualmente a educación en valores incorporárase a todas as áreas, especialmente aqueles recollidos no apartado 3 deste documento (puntos 1,2 e 3). Procederáase a coordinar as programacións didácticas internivel; especialmente, as de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria e as do Terceiro Ciclo coas de Educación Secundaria Obrigatoria, a través dos Equipos de Nivel e do Equipo Directivo.

5. CRITERIOS E MEDIDAS PARA DAR RESPOTA Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO NO SEU CONXUNTO, ORIENTACIÓN E TITORÍA E PROGRAMAS INSTITUCIONAIS A DESENVOLVER NO CENTRO

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornos sociais e culturais. Todos estes aspectos conforman estilos de aprendizaxe e perfís no alumnado que deben determinar en gran medida a planificación e a acción educativa.

Neste aspecto tomaremos como referencia o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG, 21/12/11).

5.1 Medidas de atención á diversidade, a orientación e a titoría.

As medidas para dar resposta á diversidade establécense en dous niveles:

- A nivel de centro
- A nivel de aula-titoría

A nivel de centro o Plan de Atención á Diversidade recolle o conxunto de medidas previstas para atender ás necesidades do alumnado, que poden ir dende medidas curriculares e organizativas ordinarias ata outras máis extraordinarias que modifiquen de forma significativa elementos esenciais do currículo.

A nivel de aula e titoría a resposta á diversidade se concreta no Plan de Acción Titorial.

Ambos documentos son actualizados e revisados anualmente formando parte da Programación Xeral Anual.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN CO RESTO DOS CENTROS DOCENTES E COS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS DA CONTORNA

“Os nosos principios educativos buscan o éxito académico, o desenvolvemento integral do alumno/a e a Educación para a Convivencia nun estilo de formación baseado no respecto, a tolerancia, o fomento dos dereitos e deberes de toda a Comunidade Educativa a través dunha xestión participativa”

Esta xestión leva a colaboración e coordinación co resto de institucións da contorna. Para iso levarán a cabo as seguintes actividades:

- ANPA do Colexio: Consello Escolar, colaboración en actividades extraescolares, subvencións de actividades concretas do alumnado e colaboración en diferentes celebracións durante o curso.
- Concello de Carballo e outras localidades próximas: Consello Escolar Municipal, Biblioteca Rexional, Servizos Sociais, actividades extraescolares deportivas, de teatro e culturais...
- Universidades (UDC, USC): Prácticas e titorización de alumnado dos Graos de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Centro de Formación e Recursos para o Profesorado (CEFORE): formación, seminarios e grupos de traballo, proxectos de innovación...
- Fundación LaCaixa e Fundación Aldeas Infantiles: participación nas aulas, para desenvolver valores e actitudes cívicas.
- Colaboración co IES Monte Neme, adscrito da zona para establecer as bases comúns das programacións. Esta coordinación se levará a cabo coa mediación do Orientador.
- ONG´s e outras Asociacións sen ánimo de lucro para a organización de actividades que desenvolvan valores, coma a organización SAVE THE CHILDREN, entre outras.
- Centro de Saúde: campaña de difusión de vacinacións, revisións bucodentais, etc.
- Comercios e industrias da zona: organización de visitas á contorna.



7. COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA MELLORAR O RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO

Nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) enuméranse os principios e valores que conforman o compromiso de calidade que asumimos ao presentala ante a comunidade educativa do centro.

Dela emanan as obrigas adquiridas para mellorar o rendemento académico do noso alumnado:

- Propiciar un clima ordenado e agradable para o traballo, nun ambiente de respecto.
- Coordinación coas familias, mediante as reunións periódicas cos titores/as e a comunicación e o control de faltas de asistencia para previr o fracaso escolar.
- Avaliación do proceso ensino – aprendizaxe a todos os sectores da comunidade educativa.
- Compromiso da comunidade educativa coas “Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento do Centro”, para realizar actuacións sistemáticas e coordinadas no tratamento da orde, a disciplina e a resolución de conflitos.
- Especificamente, por parte do profesorado, asúmese o compromiso de empregar unha metodoloxía activa e actualizada, que promova o esforzo persoal; que implique ao alumnado, segundo a súa idade, na súa propia aprendizaxe e reflexión de autoavaliación; un compromiso de atención á diversidade, do fomento das relacións entre as diversas áreas; un compromiso de iniciación ao traballo cada vez máis autónomo e creativo, un compromiso dunha formación permanente , apertura ao entorno e utilización das novas tecnoloxías.

Non obstante, todos os compromisos adquiridos non son suficientes se non se conta coa financiación e medios adecuados e suficientes que posibiliten o desenvolvemento de todos os aspectos curriculares.

8. DEFINIÇÃO DA XORNADA ESCOLAR DO CENTRO

A xornada lectiva que abrangue todo o curso escolar, é continua; cun horario de 9:50 a 14:50. No cadro que se achega queda recollida como se dispoñen esas horas en sete sesións, incluídos os tempos de lecer e de Animación a Lectura, ambos cunha duración de 30 minutos.

1ªSESIÓN	09.50 a 10.40
2ªSESIÓN	10.40 a 11.30
3ªSESIÓN	11:30 a 12:20
Recreo	12:20 a 12:50
An. Lectura	12:50 a 13:20
4ªSESIÓN	13.20 a 14.05
5ª SESIÓN	14:05 a 14:50

As instalacións do centro utilízanse polos servizos complementarios detallados o apartado seguinte, no horario que se indica. A Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) organiza actividades extraescolares de 16:00 a 18:00 de luns a venres. En todo caso, os organizadores responsabilizaranse do bo uso dos medios e instalacións. A apertura e peche das devanditas instalacións correrá a cargo do conserxe do centro e do servizo de limpeza, respectivamente.

9. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS

9.1 Servizo de Madrugadores

Este servizo ofertado en colaboración co Concello, non se puido poñer en marcha porque non houbo un mínimo de comensais, esixidos pola normativa imperante.

9.2 Servizo de comedor

O servizo de comedor escolar, ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades complementarias do colexio, tamén ten unha función engadida de carácter educativo, hábitos alimentarios e nutricionais, de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa...etc. Este servizo realízao mediante contrato a empresa adxudicataria correspondente. A Dirección do centro e @ monitores/as de comedor velarán por que se cumpra estritamente a normativa. O horario de comedor será de 1 hora e dez minutos, de 14:40 a 16:00 horas. Finalizada a comida, permanecerán na zona do patio dianteiro, os días que vai bo tempo; e no pavillón polideportivo, cando as condicións climatolóxicas sexan adversas baixo a vixilancia d@s monitores/as realizando xogos supervisados polos mesmos, ata que sexan recollidos polos seus pais e/ou se incorporen ás actividades extraescolares organizadas a partir das 16:00 horas, sempre que o alumno/a finalizase a comida. Manterase sempre unha estreita colaboración entre a empresa adxudicataria dos servizos mencionados e o colexio para establecer melloras e resolver incidencias.

9.3 Servizo de transporte

A ubicación física do colexio con respecto ao centro do Concello, conlevou a creación, por parte da administración pública de 5 liñas de autobuses, que neste intre a Empresa Queijeiro, ten a concesión. As paradas de cada liña veñen expostas inmediatamente no seguinte achego:

RUTA	PARADAS
AUTOS QUEIJEIRO S.L. FEIRA DE BERDILLO-CAMPOS DE BOLÓN 2 Contrato nº 99CO0134	CEIP GÁNDARA SOFÁN
	CAMPOS DE BOLÓN 2
	PONTE NOVA
	VILARDEFrancos
	BALTAR
	AS PALLAS



	ALMACÉN
	IGREXA-ARTES
	BARRAL
	FEIRA BERDILLO
AUTOS QUEIJEIRO S.L. TROIÁNS DO MEDIO – GUNTIÁN Contrato nº 99CO0137	CEIP GÁNDARA SOFÁN
	GUNTIÁN
	SEIXAL
	PARADELA
	TARAMBOLLO 2
	COBAS DE ARRIBA 1
	COBAS DE ARRIBA 2
	FREIXAL
	CARRIS
	REIXIA
	PREARADA
	RIBEIRIÑA
	RAMISCOSA 1
	RAMISCOSA 2
	BOUZAS
	MONÉLOS
	GUITOIS
TROIÁNS DE ABAIXO	
TROIÁNS DO MEDIO	
AUTOS QUEIJEIRO S.L. PIÑA – OUTEIRO Contrato nº 99CO0141	CEIP GÁNDARA SOFÁN
	OUTEIRO
	BOLÓN



	LAGARTEIRA 1
	LAGARTEIRA 2
	SOFANDONIGO 1
	SOFANDONIGO 2
	PLAZA
	PERISCAL
	CERRALLO
	CARRACHA 1
	CARRACHA 2
	SINANDE
	CANELAS
	EVAS
	BRAILLE
	A PIÑA
AUTOS QUEIJEIRO S.L. CADAVEIRA – CAMPOS DE BOLÓN Contrato nº 99CO0158	CEIP GÁNDARA SOFÁN
	CAMPOS DE BOLÓN
	HERMIDA
	VIOÑO
	PARADELA 1
	PARADELA 2
	PARADELA 3
	CASAS NOVAS
	TARAMBOLLO
	CALVELO DE ABAIXO
	CALVELO DE ARRIBA
	ALVEIRO
	PEDREIRA

	AGRAS DA PEDREIRA
	CORLES
	RIO
	GONZÁLVEZ
	ALDEMUUNDE DE ABAIXO
	ALDEMUUNDE ALTO
	A CADAVEIRA
AUTOS QUEIJEIRO S.L. REGUEIRA DE ARRIBA – BERDILLO – O FORNO – ARTES Contrato nº 99CO7710	CEIP GÁNDARA SOFÁN
	O FORNO – ARTES
	CRUCE DE BERDILLO
	GANDUMA
	O ASEÑADO –PIÑEIRO
	VILARNOVO
	IGREXA DE BERDILLO
	MOUCHO 1
	MOUCHO 2
	PARAISO
	AÑON
	O ALTO
	A REDONDA – BERDILLO
REGUEIRA DE ARRIBA - BERDILLO	

10. PLAN DE AVALIACIÓN INTERNA DO CENTRO

O centro realizará o seu Plan de Avaliación Interna ou Autoavaliación, de acordo coa Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada ano, na PXA, incluírase un apartado cos aspectos para a autoavaliación sobre os seguintes puntos.

- Aspectos xerais do centro.
- Programacións didácticas.
- Procesos de ensinanza
- Práctica docente.

O remate do curso engadiranse na Memoria Final as conclusións e propostas de mellora para o curso seguinte.

11. NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO E DAS AULAS

Un dos fins primordiais que debe perseguir o sistema educativo, é a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia.

A convivencia é un obxectivo específico e fundamental de todo o proceso educativo que leva consigo actitudes e comportamentos respectuosos, positivos e de consenso por parte de todos os sectores da comunidade escolar.

Co fin de garantir un axeitado clima escolar recollemos no noso Plan de Convivencia os dereitos e deberes de todos os membros da comunidade escolar, as normas de organización e funcionamento do centro así coma as respostas educativas ante os posibles problemas que poidamos atopar, tomando sempre como referencia o establecido na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/11).

12. MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO

As modificacións do proxecto educativo poderán ser presentadas polo equipo directivo, o Claustro e por calquera membro dos sectores representados no Consello Escolar e, no seu caso, polas Asociacións de Pais e Nais.

Serán aprobadas por unha maioría de dous terzos dos compoñentes do Consello Escolar e entrarán en vigor no curso seguinte a súa aprobación.

En todo caso, atenderanse ao disposto na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e que di no seu Capítulo I,

“O proxecto educativo de centro, así como as progresivas modificacións que se fagan del, será aprobado e avaliado polo consello escolar. Unha copia deste quedará na secretaría á disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregaráselles ás asociacións de pais e un terceiro remitirase á inspección educativa.”

O proxecto educativo deberá recoller, ademais dos apartados que figuran no artigo 87 do citado regulamento orgánico, os seguintes aspectos:

- As características do contorno e as necesidades educativas que en función deste deberá satisfacer o centro.
- As actividades ofertadas polo centro, tanto complementarias como extraescolares.
- A participación en programas institucionais.
- A oferta de idiomas que realiza o centro.
- O instituto de secundaria ó que está adscrito o colexio.
- As condicións de utilización das instalacións do centro.
- Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e a oferta educativa do centro.

Así mesmo, tomando como referente o Artigo 8 da Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No referente á Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente:

1. En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluirá, cando menos, os seguintes aspectos:



- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
 - b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
 - c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
 - d) Clima de traballo na aula.
 - e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.
2. As conclusións da avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos